

## Textos Locke ABAU

**Texto 1. Ensayo sobre el gobierno civil, Cap. 2, § 6. Cuestión asociada: o liberalismo político de John Locke.**

- **Tese do fragmento: as características do estado de natureza no contractualismo de John Locke.**
  - A existencia de dereitos naturais (iusnaturalismo) e dunha lei da natureza que nos obriga á autoconservación.
- Teñen o fragmento comentado por min na súa aula virtual.

**Texto 2. Ensayo sobre el gobierno civil, Cap. 7, § 89 y 90. Cuestión asociada: o liberalismo político de John Locke.**

- **OLLO!** Moi probablemente este texto entre como dous textos distintos: parágrafo 89 un texto e parágrafo 90 outro. O 89 céntrase no paso do estado de natureza á sociedade política, o 90 nas semellanzas entre o estado de natureza e un réxime absolutista. **IMPORTANTE!**

1. Contexto:

- John Locke ⇒ 1632 – 1704
- Estuda medicina, adícase á filosofía e á política.
- Apoia aos parlamentaristas fronte aos absolutistas ⇒ Exilio.
- Inglaterra da época: conflito e guerra entre parlamentaristas e monárquicos absolutistas.
- Pai do empirismo moderno, pai do liberalismo político.
- Obras relevantes: *Ensaio sobre o entendemento humano* (empirismo), *Tratados sobre o governo civil* (liberalismo), *Cartas sobre a tolerancia* (tolerancia relixiosa)

2. Tese: O parágrafo 89 céntrase no paso do estado de natureza á sociedade política, o 90 nas semellanzas entre o estado de natureza e un réxime absolutista.

3. Desenvolvimento:

- Definir o que é o **contractualismo** e mencionar aos seus máximos expoñentes modernos (Hobbes, Locke e Rousseau). Definir o que é o **iusnaturalismo**.
- Explicar o contractualismo de Hobbes: Estado de natureza ⇒ estado de guerra de todos contra todos, o home é un lobo para o home (*homo homini lupus*). Solución? ⇒ ceder todas as nosas liberdades a un único soberano: absolutismo, tamén defendido por Sir Robert Filmer.
- Locke critica aos autores anteriores. Estado de natureza ⇒ os homes son libres e iguais. Posúen uns dereitos naturais (iusnaturalismo) inalienables xa dados previamente á

ingresar na sociedade política ⇒ liberdade, integridade física, propriedade privada. Explicar brevemente o proceso polo cal o individuo se apropia de algo común e o converte na súa propriedade privada, exclusiva ⇒ TRABALLO, esforzo. **PROBLEMA NO ESTADO DE NATUREZA** ⇒ somos xuíz e parte nun conflito, os nosos dereitos naturais non están garantidos. **SOLUCIÓN?** ⇒ pacto/contrato. Cedemos a nosa liberdade de aplicar ou executar un castigo a uns representantes e maxistrados que elaborarán leis e as interpretarán para resolver conflitos e garantir os nosos dereitos. **Función do estado para o liberalismo** ⇒ garantir a esfera privada, os dereitos naturais dos seus membros.

- Para que isto último se cumpra ⇒ **separación de poderes: lexislativo, executivo, federativo.**
- Dereito á rebelión!
- Citas e referencias dos textos:
  - § 89: “*cierto número de hombres se une en una sociedad renunciando cada uno de ellos al poder de ejecutar la ley natural, cediéndolo a la comunidad*”, “*sólo entonces se constituye una sociedad política o civil*”, “*ese hecho autoriza a la sociedad o, lo que es lo mismo, a su poder legislativo para hacer las leyes [...] y para ejecutarlas*”, “*es lo que saca a los hombres de un estado de Naturaleza y los coloca dentro de una sociedad civil*”, “*el hecho de establecer en este mundo un juez con autoridad para decidir todas las disputas y reparar todos los daños que pueda sufrir*”. PARÁGRAFO IMPORTANTE A ANALIZAR: “*Siempre que encontremos a cierto número de hombres asociados entre sí, pero sin disponer de ese poder decisivo a quien apelar, podemos decir que siguen viviendo en el estado de Naturaleza*”.
  - § 90: “*la monarquía absoluta [...] es, en realidad, incompatible con la sociedad civil, y, por ello, no puede ni siquiera considerarse como una forma de poder civil*”, “*La finalidad de la sociedad civil es evitar y remediar los inconvenientes del estado de Naturaleza*”, “*estableciendo para ello una autoridad conocida a la que todo miembro de dicha sociedad pueda recurrir*”, “*donde existen personas que no disponen de esa autoridad [...] siguen viviendo en un estado de Naturaleza*”, “*en esa situación se encuentran, frente a frente, el rey absoluto y todos aquellos que están sujetos a su régimen*”

#### 4. Conclusión:

- Locke é o pai do liberalismo político, tradición que defenderá que o Estado ten a función de protexer e garantir os dereitos naturais dos seus membros, é dicir, debe protexer a súa

esfera privada.

- Influencia nas revolucións ilustradas de finais do século XVIII: Revolución Norteamericana (coa que EE.UU logra a súa independencia) e Revolución Francesa, que ataca directamente ao absolutismo borbónico.